XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

**Asunto**: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 22 de xaneiro de 2024, polo que se resolve a denuncia da representante xeral do Bloque Nacionalista Galego contra a Xunta de Galicia e o Partido Popular por unha posible infracción do artigo 50 da LOREX.

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

## Antecedentes

1. O 17 de xaneiro de 2024, a representante xeral do Bloque Nacionalista Galego formaliza unha denuncia contra a Presidencia da Xunta de Galicia, a consellería de Economía e Industria e o Partido Popular solicitando retirada da páxina web da Xunta de Galicia as referencias a noticias en relación cunha visita á empresa Resonac situada no polígono da Grela na Coruña o 17 de xaneiro de 2024.

2. O 18 de xaneiro de 2024, trasladóuselle á Xunta de Galicia e ao Partido Popular copia da denuncia, para os efectos de formular alegacións.

3. Cumprindo o trámite concedido, formularon alegacións o Partido Popular con data 19.01.2024 (RE 285) e a Xunta de Galicia con data 19.01.2024 (RE 292) .

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Do escrito de denuncia presentado non se desprende que se tivesen producido as vulneracións do artigo 50.2 e 50.3 da LOREX ás que se alude nela e nas que se pretende fundamentar a incoación dun expediente sancionador, xa que se trataba dunha visita do presidente da Xunta á empresa privada Resonac na que fixo unhas declaracións que poden considerarse todas elas como louvanzas a un proxecto de grafito para baterías de coches eléctricos que, por ser pioneiro en España, situaría a Galicia coma referente neste sector. Das declaración efectuadas, que recolle a denunciante no seu escrito, non se desprende que se fixesen alusións a unha realización ou un logro da Xunta de Galicia. A noticia recolle a citada visita a unha empresa privada, organizada aparentemente con fondos privados e que formaba parte da actividade institucional da Xunta de Galicia de promoción da actividade económica en Galicia e na que se subliñaba a importancia da planta de grafito que a dita compañía vai poñer en funcionamento na provincia da Coruña.

Consecuentemente, dos feitos denunciados non quedan acreditadas as vulneracións de referencia, polo que se adopta o seguinte

## ACORDO

O arquivo da denuncia

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro,

comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 10:00 horas do próximo día 25 de xaneiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo: xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal